

Sr. D. Abel Caballero Álvarez.
Alcalde Presidente do Concello de Vigo

Miguel Fidalgo Iglesias, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, EXPÓN:

A Xunta de Goberno Local en sesión de 9 de abril ten aprobado, Proxecto de Ordenanza Reguladora de Taxis.

Con data 10 de abril o Secretario Xeral do pleno comunica a este grupo que conforme o previsto no artigo 76.4 do Regulamento Orgánico do Pleno se comunica a apertura do prazo de SEIS DÍAS para a presentación de emendas aos proxectos de Ordenanzas que concluirá o 18 de abril ás 13,30 horas. As emendas, asinadas polo voceiro do grupo político municipal, presentaranse no Rexistro xeral do Pleno e poderán ser á totalidade do Proxecto ou o articulado.

Así este Grupo Municipal propón a a seguinte emenda de Adición ao Artigo 14 da actual ordenanza vixente que quedaría coa seguinte redacción:

ARTIGO 14 :EXTINCIÓN DAS LICENZAS

- As licenzas de taxi extingúense por:
 1. Renuncia do titular ou falecemento, sen herdeiros.
 2. Caducidade, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.
 3. Revogación por motivos de oportunidade.

CADUCIDADE

- Declararase a caducidade das licencias nos seguintes casos:
 - a) Incumprimento do titular das condicións que xustificaron o outorgamento
 - b) Non iniciar o servizo transcorrido o prazo de suspensión
 - c) Non dedicación do titular á actividade (cando fose esixible) de forma única e exclusiva
 - d) A obtención, xestión o explotación da licenza de calquera forma non prevista legalmente.

REVOGACIÓN

- Poderán revogarse as licencias de taxi por motivos de oportunidade de interese público, tales como circunstancias sobrevenidas non imputables ao titular que aconsellase reducir o número de licenzas por caída da demanda , exceso de oferta o circunstancias xustificadas. Neste suposto o titular terá dereito á correspondente indemnización económica que se determinara de conformidade cos parámetros obxectivos que determinen o seu valor real no mercado e terase en conta o valor medio das transmisións realizadas nos últimos doce meses na cidade .

O órgano competente para incoar o expediente de extinción de licenzas, poderá adoptar a prohibición de transmisión da licenza, mediante resolución motivada e como medida provisional, ou outra que se estime axeitada para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer.

Cada dous anos o Concello realizará, en colaboración coas principais Asociacións do sector na cidade, un estudo sobre a efectividade e rendabilidade do servizo de taxi, prevendo no orzamento municipal a dotación económica necesaria para a amortización voluntaria de licenzas en caso que o resultado do estudo o considere necesario.

En Vigo, a 18 de abril de 2018



Asdo. Miguel Fidalgo Iglesias
Concelleiro do Grupo Municipal Popular